

CONCURSO

Amosa a túa fonte de enerxía

*Curtametraxes
enerxéticas 2022*



Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Fotografía: Pixels; Matteo Bernardis.

1.º premio: 300 € + diploma

2.º premio: 150 € + diploma

Envío de curtametraxes ata o
07 de novembro de 2022

Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

CONCURSO

Amosa a túa fonte de enerxía

Curtametraxes enerxéticas 2022



1.º premio: 300 € + diploma
2.º premio: 150 € + diploma
Envío de curtametraxes ata o
07 de novembro de 2022
Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

Universidade de Vigo

Curtametraxes enerxéticas 2022

Alcanzar a eficiencia enerxética é un dos retos perseguidos na actualidade pola nosa sociedade.

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo lanza o concurso Curtametraxes enerxéticas 2022.

Bases de participación

1.º A este concurso poderanse presentar curtametraxes cunha **temática que xirará arredor da enerxía**, no sentido máis amplo. A modo de exemplo:

- Uso da enerxía no día a día, no ámbito cotián.
- Procesos de xeración, transporte, distribución e uso da enerxía.
- As fontes e os recursos enerxéticos convencionais e renovables.
- Problemas e retos aos que se enfronta a sociedade coa transición ecolóxica.

Pódense, polo tanto, presentar curtametraxes que teñan como **tema central a enerxía, pero desde diferentes puntos de vista: consumo, social, industrial, medioambiental etc.**

2.º Requírese **orixinalidade**.

3.º O número de autores ou autoras por obra non está limitado. Non obstante, o premio concederase por obra e aboarase a unha soa persoa.

4.º As curtametraxes terán unha duración de 5 minutos.

5.º A data límite de recepción da curtametraxe será o **07 de novembro de 2022, ás 20.00 horas**. Calquera vídeo recibido despois desta data non poderá participar neste concurso.

6.º As curtametraxes poderanse enviar a través dun programa de transferencia de arquivos a eme@uvigo.gal ou gravadas nun CD ao enderezo postal da Escola. Ademais enviarase un email a eme@uvigo.gal onde se indicarán: título da curtometraje e autores.

7.º As curtametraxes presentadas ao concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EME** e os autores ou autoras non as poderán utilizar noutros concursos ou publicacións. A EME poderá usalas para o que considere oportuno. Nese caso, presentarán sempre unha referencia á súa autoría.

8.º A EME non se responsabiliza da incorrecta manipulación do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.

9.º O concurso *Curtametraxes Enerxéticas 2022* poderá anularse se non se presentan un mínimo de vídeos.

10.º A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

Resolución do concurso

1.º O **xurado** estará formado por un/unha profesional do ámbito do cinema, un/unha docente do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, un/unha docente do Grao en Enxeñaría da Enerxía, un membro do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado (un por cada grao impartido na EME).

2.º O fallo do xurado será inapelable e publicitarase adecuadamente, podendo consultarse na sección do concurso en minaseenerxia.uvigo.es.

3.º O xurado rexeitará os vídeos que non cumpran o especificado nestas bases..

4.º A exhibición das curtametraxes e a entrega de premios realizarase na primeira semana do mes de decembro na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

- **Primeiro premio:** 300 € + diploma
- **Segundo premio:** 150 € + diploma

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Campus universitario
36310 Vigo

Tel.: 986 814 077
eme@uvigo.gal